



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO SEIS DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES

O 6 de setembro de 2023, ás 9:23 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

### ASISTENTES

Presidente  
José Manuel Mato Martínez

### CONCELLEIROS/AS:

Constantino Fernández Vila  
María Josefa Álvarez Bugallo  
Raquel Fondo Pérez

### AUSENTES

Juan Ramón Vidal Torado

Secretaria: Antía Pena Dorado  
Interventor: Francisco Javier Ulloa Arias

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

### 1. Compatibilidade de José Jesús Pose Pérez

A secretaria le a proposta.

#### << PROPOSTA DE ACORDO

### ASUNTO: SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE PRESENTADA POR D. JOSÉ JESÚS POSE PÉREZ

Presentada por por D. José Jesús Pose Pérez, DNI \*\*\*8204\*\*, operario do Grupo Emerxencias Supramunicipal de Ponteceso (GES), persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal do Concello de Ponteceso, solicitude de compatibilidade o día 25-05-2023, rexistro de entrada 202399900001005, en cumprimento do ordenado pola alcaldía emitiuse informe polo técnico de Administración Xeral, coordinador xeral na data de 26-06-2023, sendo do seguinte teor literal:

#### 1. "ANTECEDENTES

*Solicitude con R.E. núm. 202399900001005 presentada o día 25-05-2023 por D. José Jesús Pose Pérez, DNI 53482048X, operario do Grupo Emerxencias Supramunicipal de Ponteceso (GES), solicitando a compatibilidade para desenvolver o seu posto de traballo co desempeño dunha segunda actividade no sector privado.*

#### 2. LEXISLACIÓN APLICABLE



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

- *Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.*
- *RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TRLEBEP.*
- *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.*
- *Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública,*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP.*
- *RD 1777/19894, de 5 de agosto.*

### 3. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.-** O solicitante, D. José Jesús Pose Pérez, operario do Grupo Emerxencias Supramunicipal de Ponteceso (GES), xustifica a súa solicitude para desempeñar un segundo posto por conta allea ou propia en ocupacións do sector do mar, marisqueo a pé por conta propia, no Réxime Especial dos traballadores do mar, en horario distinto ao do seu posto de traballo, e cunha dedicación de 20 horas semanais.

**Segunda.-** O solicitante na súa condición de empregado público, persoal laboral indefinido, está incluído no ámbito da LI, por aplicación do seu artigo 2.1. c).

O prazo para resolver a solicitude de compatibilidade presentada é de tres meses, conforme ao establecido na disposición adicional primeira, apartado b), do RD 1777/1994, do 5 de agosto, de adecuación das normas reguladoras dos procedementos de xestión de persoal.

**Terceira.-** Para a declaración de compatibilidade do persoal, sexa para unha actividade pública ou unha actividade privada, fai falta tamén que quede cumprido o requisito retributivo fixado no artigo 16.1 LI, tal e como dispón a disposición adicional cuarta do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, unha vez aprobadas as leis de desenvolvemento do Estatuto Básico do empregado público.

Dispón o artigo 16.1 LI vixente:

“1. Non poderá autorizarse ou recoñecerse compatibilidade ao persoal funcionario, ao persoal eventual e ao persoal laboral cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir do apartado b) do artigo 24 do presente Estatuto inclúan o factor de incompatibilidade ao retribuído por arancel e ao persoal directivo, incluído o suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección.”

Conforme ao artigo 23.3 b) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, o complemento específico é aquel destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigo ou penosidade. En ningún caso poderá asignarse máis dun complemento específico a cada posto de traballo.

O art. 16.4, permite compatibilizar actividade se non se excede duns determinados límites, que deben ser comprobados en cada caso:

“4. Así mesmo, por excepción, e sen prexuízo das limitacións establecidas nos artigos 1.3, 11, 12 e 13 da presente Lei, poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, cuxa contía non supere o 30% da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.”

O Concello de Ponteceso debe identificar que concepto retributivo perciben os seus empregados públicos e si se corresponde ao complemento específico referido no anterior artigo da . Estímase que



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

*corresponde á Intervención Municipal informar sobre as retribucións que percibe o solicitante, e á vista dos conceptos retributivos concluirá se se dá a previsión establecida no referido art. 16.1 LI.*

*Deberase ter en conta a afección da actividade ás funcións que se desenvolven no Concello, se afecta o horario ou calquera outra circunstancia que impida o normal desenvolvemento das funcións de empregado público, e segundo se desprende da súa solicitude a segunda actividade realizarase fóra do horario normal de prestación de servizos no seu posto de traballo, operario do GES, polo que consonte á mesma estímase que a segunda actividade a desenvolver polo solicitante non afectará ás súas funcións e ao horario de prestación do seu posto de traballo que desempeña no Concello, polo que a nova actividade non menoscaría ou dificultaría a correcta prestación do servizo ao que está adscrito.*

**Cuarta.-** *O exercicio dunha actividade privada esixe a previa autorización ou recoñecemento da compatibilidade, competencia que vén atribuída ao Pleno da Corporación, art. 14,1 LI. O recoñecemento da actividade debe ser motivada, non podendo modificar a xornada de traballo e horario do interesado, quedando sen efecto automaticamente en caso de cambio de posto de traballo no sector público.*

**Quinta.-** *O órgano competente para o seu recoñecemento é o Pleno do Concello, deberá adoptar o acordo que en dereito estime máis procedente, e no suposto da súa concesión por aplicación do art. 8.1. g) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberase publicar no seu portal de transparencia, sede electrónica ou páxina web a información relativa á mesma. Polo acordo do Pleno de data 13-07-2023 delegouse a competencia a favor da Xunta de Goberno Local, polo que deberá ser este o órgano que adopte o acordo.*

#### **4. CONCLUSIÓNS**

**A expensas do informe que corresponda emitir á Intervención municipal**, e coa condición de que non se excedan os límites do art. 16.4 LI, **infórmase favorablemente** a compatibilidade solicitada por D. José Jesús Pose Pérez, DNI 53482048X, operario do Grupo Emerxencias Supramunicipal de Ponteceso (GES), para o desempeño da actividade privada a prestar por conta propia no sector do mar, no Réxime Especial dos traballadores do mar, en horario distinto ao do seu posto de traballo, e cunha dedicación máxima de 20 horas semanais, non podendo modificar a súa xornada de traballo e horario, quedando sen efecto automaticamente en caso de cambio de posto de traballo no sector público.

..”

Na data de 26-06-2023 a Intervención Municipal emite o seu informe, sendo as conclusións do seguinte teor literal:

“.....

#### **CONCLUSIÓNS**

*O traballador José Jesús Pose Pérez non percibe retribucións complementarias polo que no caso que o Pleno acceda á solicitude de compatibilidade presentada o 25.05.2023 (núm. de rexistro de entrada 202399900001005), non se estaría a vulnerar o artigo 16.1. Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.”*

Por todo o anterior, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

## PROPOSTA DE ACORDO

**Primeiro:** Autorizar a solicitude de compatibilidade presentada por D. José Jesús Pose Pérez, DNI \*\*\*8204\*\*, operario do Grupo Emerxencias Supramunicipal de Ponteceso (GES), para o desempeño da actividade privada a prestar por conta propia no sector do mar, no Réxime Especial dos traballadores do mar, en horario distinto ao do seu posto de traballo, e cunha dedicación máxima de 20 horas semanais, non podendo modificar a súa xornada de traballo e horario, quedando sen efecto automaticamente en caso de cambio de posto de traballo no sector público.

**Segundo:** Notificar ao interesado, con indicación dos recursos que procedan.

Ponteceso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O alcalde/ D. José Manuel Mato Martínez>>

O presidente somete a proposta a votación.

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a proposta por unanimidade de votos a favor.

## 2. Asistencia e asesoramento á Alcaldía no exercicio das súas atribucións

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes consideran adecuado dotar do seguinte contido a Xunta de Goberno Local:

- Asistencia e asesoramento á Alcaldía no exercicio das súas atribucións.
- As seguintes atribución que a Alcaldía vai delegar de forma expresa:

1. As aprobacións dos instrumentos de desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
2. A concertación de operación de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.
3. O outorgamento das licencias urbanísticas, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local.
4. A aprobación e adxudicación de expedientes de contratación e concesión de obras, servizos e subministracións cando o seu valor estimado non exceda do 10 % do recursos ordinarios do orzamentos nin, en calquera caso a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidade non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do primeiro exercicio nin a contía sinalada. Quedan excluídos desta delegación aqueles contrato cuxa contía non supere a establecida no artigo 118 da LCSP, referido a contratos menores así como os que se tramiten por procedemento aberto



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

simplificado sumario conforme o artigo 159.6 da LCSP. A Alcaldía poderá avocar competencia nos supostos de urxencia debidamente motivada, e dará conta a XGL na vindeira sesión que se celebre.

- Todas aquelas que lle atribúan as leis.

Non hai máis asuntos que tratar.

O presidente remata a sesión ás 9:36 h e eu redacto esta acta.

O presidente

A secretaria

José Manuel Mato Martínez

Antía Pena Dorado

\*Documento asinado dixitalmente na marxe.